

NOTA DE PRENSA

O acto terá lugar no Parador de Ribadeo no marco dun intenso programa de actividades

O Colexio de Psicoloxía de Galicia entrega mañá o seu máximo galardón á Rede Galega de Loita contra a Pobreza

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2016.- A **Rede Galega da Loita contra a Pobreza** recibirá mañá venres **14 de outubro** o máis significativo galardón que concede o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, o **premio Dolores Llópiz: Psicoloxía e Sociedade**. O acto, que se celebrará no Parador de Ribadeo (Lugo), será no marco do encontro **Achegas da Psicoloxía**, onde se congregan os colexiados e colexiadas desde hai xa oito anos.

O Premio Dolores Llópiz é o máximo galardón que entrega o COPG e que pretende distinguir á persoa, institución ou asociación que teña contribuído ao desenvolvemento da profesión. Nesta ocasión, a Xunta de Goberno do Colexio acordou outorgarlllo á Rede Galega da Loita contra a Pobreza ao significar que, tal e como recolle o seu fallo, "o seu traballo con colectivos en situación de vulnerabilidade dá voz a persoas que sofren con virulencia as consecuencias da exclusión e que non atopan outra posibilidade de representación nunha sociedade na que se ten incrementado notablemente a pobreza e o risco de padecela".

Con este recoñecemento, o COPG quere destacar deste modo o labor do terceiro sector, que nun momento no que a resposta do estado do benestar requiría unha esixencia maior, paradoxalmente veuse minguado con políticas de austeridade, e diante do incremento das necesidades sociais, as organizacións non lucrativas asumiron boa parte desa responsabilidade.

A loita contra a pobreza é o maior reto da sociedade, xa que del depende en boa parte o benestar da cidadanía, con graves efectos que tamén se manifestan a nivel psicolóxico. Por iso, desde o Colexio de Psicoloxía consideran fundamental a actuación da Rede Galega de Loita contra a Pobreza, "pola súa incidencia política, dado que a saída da pobreza pasa ineludiblemente por políticas públicas decididas e suficientemente dotadas que poñan fin ás causas desa carestía e que palién os efectos producidos".

"Cómpre enxalzar a loita contra a actitude determinista predominante no relativo á pobreza, sabedores e sabedoras de que podemos conseguir unha sociedade igualitaria e máis xusta. E destacamos o labor da Rede Galega da Loita contra a Pobreza en contra dos prexuízos, dos estereotipos e da estigmatización das persoas en situación de carestía na sociedade", recollen no fallo.

Programa Achegas da Psicoloxía 2016

Ao longo da xornada de mañá daranse unha serie de actos na vila de Ribadeo, no marco deste encontro dos psicólogos e psicólogas galegas. Comezarán ás 12 do mediodía, cunha **recepción na Casa do Concello** por parte do alcalde de Ribadeo, que lles dará a benvinda ao municipio da

mariña lucense. Ás 13 horas, no Hotel O Cabazo (Ribadeo) terá lugar o "**Encontro interterritorial galegoasturiano: retos da psicoloxía no actual contexto socioeconómico; repensando a profesión na sociedade**", gratuito e aberto ao público. Trátase dun foro coa participación do decano do Colexio Oficial de Psicólogos do Principado de Asturias, Ramón Vilalta Suárez, e da decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, co fin de reflexionar sobre o papel e os retos da psicoloxía na sociedade actual, aténdose a puntos comúns e as diferenzas entre ambos os territorios.

Xa na tarde, ás 18 horas e tamén aberto para o público, ofrecerase a conferencia "**Reescribir o futuro. Historias de exclusión e resiliencia**" no Parador de Ribadeo, impartida polo relator Francisco Javier Aznar Alarcón. Este psicólogo clínico e máster en Terapia Familiar e en Neurociencias é membro da International Attachment Network Iberoamericana (IAN IA) e especialista en apego e narrativa. É psicoterapeuta no Centro de Asesoramento e Psicoterapia da Fundación Meniños, así como supervisor e consultor de profesionais e equipos que traballan en atención a menores en situación de risco e desamparo.

Tras esta visita ás 19:30 horas sairá do propio Parador unha **visita guiada** pola vila de Ribadeo, tamén gratuíta. O acto final será a cea no Parador de Ribadeo na que se fará entrega do premio Dolores Llópiz así como un recoñecemento a aqueles e aquelas profesionais que levan 25 anos de vida colexial ininterrompida.

Premio Dolores Llópiz

O Colexio Oficial de Psicología de Galicia creou o Premio Dolores Llópiz hai oito anos, para render homenaxe pública a aquelas figuras que tiveran colaborado activamente co campo da psicoloxía. O nome do galardón correspóndese co da psicóloga finada Dolores Llópiz Pereiro, que participou no COPG durante unha década, formando parte da Xunta de Goberno, da Comisión Deontolóxica e da Área de Psicología Educativa.

Recibiron o galardón en anos anteriores:

2015. Eduard Punset (divulgador científico)

Polo seu labor achegando profesionais e estudos internacionais sobre o comportamento humano, a neuropsicoloxía e as emocións, para comprender mellor o desenvolvemento da persoa.

2014. Veciñanza do barrio de Angrois

Polo seu comportamento xeneroso, exemplar e altruísta que axudou a salvar vidas no trágico accidente do tren Alvia acontecido en Santiago de Compostela a noite do 24 de xullo de 2013.

2013. José Luis Sampedro Sáez (escritor e humanista)

Pola súa sensibilidade, o seu compromiso social, as súas reivindicacións, a súa coherencia e actitude persoal, e polas súas palabras cun enorme poder de visualización e defensa da dignidade humana.

2012. Gemma Nierga (xornalista)

Polo compromiso e a sensibilidade demostrados no seu traballo contribuindo á visibilización e á desestigmatización da enfermidade mental ou de persoas na prisión.

2011. Asociación pola Recuperación da Memoria Histórica

Polas súas valiosas achegas ao coidado e á recuperación da memoria histórica, un acto de xustiza fundamental para dignificar as persoas e os pobos.

2010. Carlos Varela García (Fiscal Xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia)

Por ter contribuído desde a súa profesión a avanzar cara a unha sociedade máis xusta e igualitaria a través das iniciativas que promove e polo seu enfoque da intervención en problemáticas de carácter social.

2009. Joel Gómez (xornalista)

Pola súa contribución á sensibilización social coa divulgación da psicoloxía a través dos medios de comunicación desde hai moitos anos, pola súa dedicación e a súa entrega.

Sáúdos,

Se desexan **ampliar a información ou para asistir a algún dos actos**, contacten co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns
981 534 049 / 699 908 968
comunicacion@copgalicia.gal